

LIMIAR

ANTÍA SÁNDEZ CALLEJO

Presidenta

Consello Galego de Relacións Laborais

presidencia.cgrl@xunta.es

A presente edición especial da Revista Galega de Dereito Social recolle unha análise monográfica sobre a flexibilidade intra-contractual no ámbito das relacións laborais, un eido de gran relevancia xurídica e de crecente actualidade. Este número nace como resultado da IVª Xornada Técnica organizada o 28 de marzo de 2025 na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela polo Consello Galego de Relacións Laborais e a Sección Galega da Asociación Española de Dereito do Traballo e da Seguridade Social (AEDTSS), na que especialistas do ámbito académico e representantes institucionais debateron sobre os mecanismos de adaptación do contrato de traballo a contextos de inestabilidade económica e organizativa.

Por vez primeira, este número da Revista incorpora tamén contribucións dos propios axentes sociais en forma de recensións xurisprudenciais, nas que se achega unha visión práctica e interpretativa sobre resolucións xudiciais recentes de especial relevancia para a materia tratada. Esta iniciativa enriquece o contido da publicación, achegando unha perspectiva plural e directamente vinculada coa realidade negociadora e interpretativa do mercado laboral galego.

O primeiro dos relatorios, a cargo do Profesor Dr. Fernando Lousada Arochena, aborda as modalidades de contratación indefinida consideradas “atípicas”, nomeadamente o contrato a tempo parcial e o contrato fixo-descontinuo. A través dunha análise crítica da súa regulación e aplicación práctica, o autor reflexiona sobre as potencialidades destas fórmulas

contractuais para favorecer a estabilidade no emprego, sen renunciar á flexibilidade que requiren determinados sectores produtivos.

Seguidamente, a Profesora Dra. Emma Rodríguez Rodríguez analiza os instrumentos de flexibilización do tempo de traballo, poñendo o foco en cuestións de notable actualidade como as horas extraordinarias, a distribución irregular da xornada ou o cómputo e rexistro da duración efectiva da actividade laboral. A súa achega pon de relevo a necesidade de combinar a eficiencia organizativa co respecto ás garantías temporais das persoas traballadoras.

A terceira intervención, elaborada pola Profesora Dra. Lara Munín Sánchez, céntrase na modificación sobrevida das condicións pactadas no contrato de traballo, abordando figuras como a mobilidade funcional e xeográfica, as modificacións substanciais e a inaplicación de convenios colectivos. A autora examina o marco normativo e as tendencias xurisprudenciais que condicionan a aplicación destas medidas, resaltando o papel do control xudicial na súa adecuación aos principios de proporcionalidade e razoabilidade.

A estas contribucións académicas súmase unha mesa redonda de especial interese, na que representantes das principais organizacións sindicais e empresariais (CIG, CCOO, UGT e CEG) achegaron a súa visión sobre o uso real e os efectos prácticos das ferramentas de flexibilidade no contexto galego. Esta dimensión dialogada e plural complementase coas xa mencionadas recensións xurisprudenciais elaboradas polos propios axentes sociais, que permiten coñecer como se interpreta e aplica na práctica o marco legal vixente.

Con este número, a Revista Galega de Dereito Social consolídase como un espazo de encontro entre o mundo académico, o diálogo social e a práctica xurídica, promovendo unha reflexión serena e fundamentada sobre os retos actuais do dereito laboral. O Consello Galego de Relacións Laborais e a Sección Galega da AEDTSS desexan agradecer a todas as persoas autoras e participantes o seu compromiso co rigor e a calidade das achegas recollidas, así como ao comité organizador o seu esforzo para facer posible esta Xornada Técnica.

Agardamos que este volume resulte de utilidade para profesionais, estudosos e axentes sociais, e que contribúa a fomentar unha cultura xurídica atenta tanto ás necesidades de adaptación do tecido empresarial como á imprescindible protección da dignidade e dos dereitos das persoas traballadoras.